



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS (ADOS), A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS), A FUNDACIÓN PÚBLICA URXENCIAS SANITARIAS DE GALICIA 061, A FUNDACIÓN PÚBLICA INSTITUTO GALEGO DE OFTALMOLOXÍA (INGO) E “GALARIA, EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS, S.A.”, PARA A DOTACIÓN DOS SERVIZOS DE TELECOMUNICACIÓNS, INTERNET, MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO DE COMUNICACIÓNS E XESTIÓN DA REDE.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS) a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061, a Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO) e “Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A”, teñen formalizado o 14/5/19 un convenio para a dotación dos servizos de telecomunicacións, internet, mantemento do equipamento de comunicacións e xestión da rede.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as pautas que se seguirán na colaboración entre as partes para o financiamento conxunto do contrato do servizo da rede de telecomunicacións, do servizo de Internet, do mantemento do equipamento de comunicacións así como o servizo de xestión, administración e monitorización da mesma, para manter os actuais servizos de telecomunicacións co nivel de dispoñibilidade e criticidade adecuado, así como para a evolución da demanda de novos servizos e integración en dita rede de novos centros e a ampliación das redes existentes.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, sinala no seu artigo 15.1 (“acordos de colaboración ou cooperación para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común”) que os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público autonómico poderán chegar a acordos para o financiamento conxunto de contratos para a satisfacción dunha finalidade común. Segundo o apartado 3 deste artigo “cando o financiamento conxunto se realice entre órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma e das entidades do sector público ou entre estas entre si, se formalizará un convenio de colaboración entre elas co mesmo contido expresado no apartado anterior”.

No mesmo sentido se expresa o artigo 323.5 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público por canto prevé que cando o contrato resulte de interese para varias entidades ou departamentos ministeriais e a tramitación do expediente deba efectuarse por un único órgano de contratación, as demais entidades ou departamentos interesados poderán contribuír ao seu





financiamento, nos termos que se establezan regulamentariamente e con respecto á normativa presupostaria, na forma que se determine en convenios ou protocolos de actuación.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

